

ANEXO: Solicitud de participación na convocatoria.

Centro proponente:

Facultade de Veterinaria

Denominación da práctica:

Xestión documental do SGC mediante a AASX

Datas de desenvolvemento da práctica:

A partir da adaptación do SGC ao formato 2018 que tivo lugar en febreiro 2019, e en diante

Breve descripción da práctica:

Dende a súa posta en marcha, a AASX resultou unha ferramenta útil para a xestión das reunións da Comisión de Calidade e para todo o relativo aos informes de seguimento do título. Cando se fixo a adaptación do SGC ao formato aprobado en 2018, comprobouse que a gran cantidade de rexistros e evidencias a xerar, o seu almacenamento e custodia poderían ser un problema se non se contaba cun espazo común e accesible a todos os usuarios autorizados. Decidimos enton empregar a sublapela "documentación de servizo" para este fin, en tanto non se podan adaptar todas as que agora están dispoñibles na lapela Documentación, para as diferentes categorías que precisamos. De momento, codificadas como DO-nº orde está toda a documentación obsoleta do antigo SGIC e, codificadas co identificador do proceso ou procedemento do que derivan e un nº de orde para cando son máis de unha, as evidencias e rexistros xerados. O feito de que se podan almacenar nas axendas de cada curso xa supón un directorio temporal moi útil.

Porén, é necesario mellorar a AASX nalgúns aspectos que a fixeran máis versátil:

1. Permitir ao usuario modificar as existentes ou, mellor, engadir lapelas de almacenamento documental.
2. Permitir modificar os códigos que se asignan aos rexistros que agora é o único campo que unha vez fixado non é editable.
3. Que a documentación xa introducida se poda mover entre lapelas se durante o uso se aprecian mellores opcións de ubicación.
4. Nas actuais lapelas de procesos e procedementos, deberemos incluír os novos do actual SGC.
5. Na lapela formatos de evidencias hay varias que deben ser eliminadas xa que corresponden ao SGIC obsoleto.

Breve avaliación da eficacia da práctica:

Pensamos que cumpre casi todos os requisitos de Boa Práctica especificados na convocatoria xa que:

1. Elimina un problema de xestión no ámbito da calidade,
2. Está planificada e implementada, aínda que precisa axustes para a súa mellora como xa se comenta,
3. Está a ser aplicada e xerando os seus efectos no momento de ser presentada,
4. Para nós é moi eficaz nos obxectivos perseguidos e co recurso da AASX empregada respecto da mellora continua que se desexa na xestión documental,
5. É sostible xa que evita consumir recursos (papel, arquivos físicos), replicable por calquera centro e innovadora no momento en que supoñe un modo de facer distinto ao habitual, máis eficaz e universal cara aos usuarios,
6. Conta con suficientes evidencias do seu desenvolvemento e eficacia como se ten comentado na descrición: entrando na AASX se pode comprobar que os rexistros quedan arquivados e facilmente vinculables cos procesos/procedementos aos que están asociados.

Adicionalmente esperamos que as melloras propostas para a aplicación, e outras que vaian xurdindo, nos permitan un uso maior e máis diverso.